

*Agora. Papeles de Filosofía*, 43(2) (2024). ISSN-e: 2174-3347  
<https://doi.org/10.15304/ag.43.2.9672>

Recensiones

**GIL, José: *Morte e democracia, Relógio d'Água, Lisboa, 2023, 252p.***

Miguel Ángel Martínez Quintanar<sup>1</sup> 

<sup>1</sup> Universidade de Santiago de Compostela, España

Recibido: 17/01/2024; Aceptado: 20/01/2024

José Gil, catedrático emérito de Filosofía da Universidade Nova de Lisboa, presenta unha reflexión de filosofía política, con tinturas ontolóxicas, metafísicas e éticas, útil para despezar o fenómeno da dominación política no tempo histórico actual e clarear posibles vías de emancipación. É un texto conceptualmente denso, escrito con destreza e fondura filosófica, con ricas e variadas referencias culturais filosóficas e non filosóficas. Polas súas páxinas desfilan interesantes e innovadoras análises de diversos autores e obras: Bergson, *Libro dos Mortos Exipcio*, *Libro dos Mortos Tibetano (Bardo Thödol)*, Whitehead, Kleist, Freud (cap. I); Deleuze, Arendt, Agamben, Primo Levi (cap. II); Jean Bottéro, *Epopoia de Gilgamesh* (cap. III); Carl Schmitt, Rousseau, diálogos *Gorxias* e *Fedón* de Platón, Nietzsche, Deleuze (cap. IV); Jean-Pierre Le Goff, Claude Lefort, Pierre Clastres, Malinowski (cap. V); Viciane Despret, Bruno Latour (cap. VI). Con todo, para tirar partido da súa lectura, e comprender o estilo interrogativo, expositivo e analítico do autor, pode resultar práctico ter presente algunhas nocións das preocupacións, e cadro xeral, da filosofía de Deleuze, e dos procedementos analíticos do método fenomenolóxico.

*Morte e democracia* xira arredor dos modos como a morte e a inmortalidade se relacionan co poder político. Un asunto acaído ao contexto actual na medida en que, segundo Gil, é perentorio dispoñer dun dispositivo filosófico crítico e creativo para arranxar un pensar emancipador, unha xustiza inmanente e unha ecoloxía da liberdade. Un dispositivo, ou arranxo de pensamento-acción, cuxa finalidade é reforzar e desenvolver a democracia. Escribe o autor: “Interrogando o mundo dos vivos a partir da morte e dos mortos, revela-se a enorme fantasmagoria de que as construcións humanas são feitas. Descubre-se a sua génese e a sua finalidade espectrais e a realidade vira-se do avesso: as ideias de ‘mundo’, ‘sociedade’, ‘vida’, ‘direito’, ‘verdade’ ou ‘liberdade’ passam por uma crítica radical que as transforma ou anula. Na senda de Nietzsche, Foucault, Deleuze e tantos outros, exploram-se novos caminhos. Com a noção de spectralidade, procura-se aprofundar um campo aberto por várias investigações recentes” (pp. 17-18).

A investigación de Gil transcorre por catro grandes momentos temáticos. O capítulo I mostra como dos paradoxos do pensamento da morte se derivan os postulados da inmortalidade da alma, a natureza dos espectros e a noción de abismo. Os capítulos II e III afondan no lazo entre a crenza na inmortalidade e algúns tipos de organizacións políticas, a través da experiencia da morte como experiencia impensable. Os capítulos IV e V establecen as correspondencias entre afectos, formacións políticas e modos de existencia dos mortais, e investigan a raíz da relación política e a inxustiza. O capítulo VI explora a posibilidade de substituír a transcendencia pola imanencia na práctica política da democracia. En palabras do autor: “No horizonte da investigação esteve sempre presente a dinâmica política actual, que as democracias conservadoras afrontan constantemente, sob formas novas, por todo o planeta, ressurgências de velhos e fantasmáticos autoritarismos, fascismos e mesmo teocracias. (...). A ideia subjacente a todo livro supõe que as forças que querem a imanencia se encontram reprimidas e encarceradas nas estruturas sociais e políticas estabelecidas, mas, mesmo quando mutiladas ou anestesiadas, tentam irromper das mais variadas maneiras. Assim acontece com a democracia imanente, que, enquanto vocação adormecida e revolucionária, está presente em todo o tipo de democracia” (p. 23).

Máis polo miúdo, o capítulo I “Paradoxos do pensamento da morte” (pp. 25-70) explica a xénese da imaxe ou fantasma (signo con carga afectiva) que Gil denomina “espectro”. É unha especie de corpo específico, real non imaxinario, creado pola imaxinación corpórea. No esforzo de erguelo a concepto filosófico, Gil recorre á morte.

A morte traza unha fronteira-límite do pensamento porque máis alá dela non hai nada que experimentar ou pensar. A rotura irreversible entre a vida e a abolición de todo empurra

ao pensamento ao bordo dun impensable abismo entre a ausencia de experiencia e o sentido de morrer. Para superalo, os seres humanos inventan, erguen e prolongan a transcendencia e inmortalidade. Da súa man veñen sistemas políticos, e formas de goberno, teocráticos, realezas máxicas, monarquías absolutas, sultanatos e réximes políticos que, xustamente no intre de procurar no divino a lexitimación do seu poder, portan en si todo tipo de desigualdades e inxustizas. Desde este ángulo, Gil estima que a democracia nace, e pode reformularse, coa finalidade de impugnar a transcendencia relixiosa que comporta un estatuto que lexitima a orde política. A inmanencia no político, e da política, trae aparellada igualdade e xustiza, aínda que no plano histórico esta situación aínda estea por acontecer. Os paradoxos do pensamento da morte deben abrir o paso a esta reconstrución do sistema democrático. De este ímpeto político deriva a necesidade de pensar en profundidade a noción, realidade e forza do espectro.

O espectro pertence á lóxica da construción das imaxes dos outros, nomeadamente os mortos, que volven e actúan, sen cesar, sobre nós. É mostra palpable duna ontoloxía híbrida, cun eixe no nada e co outro no movemento da vida. O espectro é o produto aquilatado dunha proxección asimétrica (a imposibilidade dun ente vivo de encontrar o seu simétrico na morte) e o seu estatuto é paradoxal (non estando no espazo ten figura, non estando no tempo móvese nel). O proceso que o constitúe ten seis momentos: o outro morre; eu proxecto no nada as miñas forzas (de amor, empatía social, etc.); da miña proxección nacerá o espectro (do outro) porque da proxección nada se reflexa e nada retorna; o outro é, polo tanto, aquel que morre e produce un espectro (que contén en si cando está vivo); ese espectro é o foco emisor de forzas de morto que o outro encerra; por causa do devir-outro que sostén a relación social (e a relación de analoxía), eu mesmo encerro virtualmente un espectro (que se actualizará cando morra). Este momentos fan patente como o espectro reflúe a nós como un exceso (porque contén o infinito, tamén unha multiplicidade de espectros de min mesmo e dos outros) e un déficit (porque nada expresa). O espectro funciona como manancial do pensamento da inmortalidade e da xénese da alma inmortal. A produción de espectros (que depende da imaxinación corporal) e a creación de sentido (vinculada ao inconsciente do corpo) traballan, tamén, no eido político: o espectro pode ser empregado para estimular as alucinacións colectivas de tipo negativo e reactivo, ou gañar un estatuto ontolóxico de monumento que insufla afirmación e acción construtiva, propositiva.

No capítulo II “A experiéncia da morte e os acontecementos impensábeis” (pp. 71-93) Gil analiza o carácter paradoxal dos acontecementos impensables (morte, alma, coñecemento da subxectividade do outro, entre outros). Malia non admitir definición específica, ocorren no tempo. Gil emprega o concepto “disxunción asimétrica”: coincidencia da experiencia do non-acontecemento absoluto co seu non-sentido. O autor constrúe este concepto tirando partido do que Vladimir Jankélévitch na obra *A morte* denomina “escándalo fundamental da morte” e do que Jacques Derrida nomea como “disimetría espectral” en *Espectros de Marx* (exploración tamén presente n’ *A vida e a morte*, e *Aporías*). Nesta disxunción entre experiencia e sentido fúndase o exercicio equívoco e diferencial da linguaxe. O pensar despézase e bifurca, diverxendo de maneira incesante, mais sempre preso por un fío ao impensable da morte. A disxunción asimétrica é unha operación e movemento da vida e da morte que condiciona as producións da propia vida. Por exemplo, hai disxunción entre vida e morte cando a morte do outro xorde como acontecemento, ou cando nace a idea da morte do propio suxeito que pensa que vai morrer. A inmortalidade é un modo de existencia. Nela cohabitan vida e morte: subsístese morto e “vivo” ao mesmo tempo. O corpo da inmortalidade é análogo ao corpo-sen-órganos que describen Deleuze e Guattari en *Mil Mesetas*: plano onde circulan intensidades de todo tipo. A dinámica da espectralidade xera un sistema de fluxos

e refluxos de imaxes que edifican sistemas culturais, de goberno, inclusive de convivencia. A espectropolítica tira da inmortalidade plusvalías para a gobernación non democrática porque o espectro comporta unha enerxía específica que liga o defunto aos vivos e mantén unha certa presenza do morto no tempo cotiá. Esta enerxía é *medio*, atmosfera e mediación que sostén (contén, sustenta) aos vivos cunha presenza particular dos mortos. A espectralidade é unha condición que permite que permite pensar a morte real e, simultaneamente, percibir o ser humano, os seres vivos e o mundo. Condición que os sistemas políticos poden aproveitar para reorientala, inhibila, potenciala: tirar plusvalía da inmortalidade.

No capítulo III “Os espectros e a política” (pp. 95-126), Gil describe como o pensamento transforma a morte-nada en morte-acontecemento. A crenza na inmortalidade fai xurdir espectros que concentran, absorben e emiten forzas. O vínculo social ciméntase nesta proxección de forzas afectivas. Por exemplo, as forzas socio-afectivas dos neofascismos populistas non se expresan da mesma maneira que as que animan un artista e, inclusive, un intelectual. A súa carga destrutiva sobreponse á pulsión creadora. Cando unha forza encontra un obstáculo pode transformalo en medio de expresión (arte, amor, humor). Mais, pode someterse a el, obedecer ao impulso que a subxuga (totalitarismo, fascismo, sadismo, masoquismo). Aquí a forza retorna a si, o seu impulso diminúe, fica absorbida pola forza dun líder (ou dunha elite). Unha das maneiras de captar a forza dos mortos para encarnalos en espectros é apropiarse do cadáver. Este xesto garante a acumulación de capital espectral: coa forza dos mortos xérase un plus-valor de poder nos vivos. A espectropolítica deshumanizadora usa mortos-espectros. Pola contra, os mortos-monumentos intégranse na estabilidade da tradición. Sucesos, ideais, feitos, tamén poden tornarse espectros. Segundo Gil, a relación da política cos mortos define o tempo actual. A diferenza da democracia con outras formas de goberno está na xeración, ou non, de transcendencias: dar aos espectros repouso, nome, enxerilos na historia, ou deixalos no caos do vagar sen fin que ameaza e vixía aos vivos. Na democracia os espectros son emblemas dadores de vida, mais no fascismo son devires homicidas. A xestión fascista, totalitaria, teocrática, da inmortalidade, ergue transcendencias que producen desigualdades, inxustizas.

O capítulo IV “Justiça, inmortalidade e finitude” (pp. 127-172) examina a posibilidade de construír sociedades sen crenza na inmortalidade. Sociedades nas que os poderes políticos son inmanentes aos elos sociais, aos seus vínculos. Gil revisa o desexo actual de inmortalidade: fe na invulnerabilidade da existencia presente que debe, por isto mesmo, prolongarse, estenderse para e no futuro. O autopeche e autocompracencia reforzan este desexo, potenciado pola acción do Estado que contribúe a que o individuo queira todo para si en detrimento do outro. A inxustiza xermola deste corte das relacións na inmanencia. Para Gil, a ecoloxía da liberdade restablece a xustiza: o equilibrio das relacións inmanentes que vinculan o individuo a outros, e a todos coa natureza. Esta ecoloxía da liberdade apóiase na experiencia (con frecuencia non expresada e, ás veces, inexpresable) da finitude: todos morremos, ninguén é inmortal. Deste xeito a rivalidade (grávida de *hybris*) fica impugnada.

O capítulo V “Totalitarismo e imanência” (pp. 173-200) pregunta: é posible a xustiza? Segundo Gil, o poder político debe ser inmanente á sociedade e, nesta dirección, o sistema que máis se aproxima a este deber ser é a democracia. O novo totalitarismo ten rostros variados: modernización, dixitalización, avaliación continuada de competencias. A inmanencia tende a converterse en transcendencia, o individuo libre e singular se envorca na indiferenza da homoxeneidade e resulta capturado por máquinas sociais, administrativas, ideolóxicas. Para Gil, a “democracia inmanente” é o medio no que circulan afectos intensivos dun xeito real, non simbólico, non imaxinario. Tampouco alucinatório, delirante. A democracia inmanente extrae dos afectos intensivos impulso para vivir (sen resentimento) e actuar (esquivando acción

negativas, reactivas). A democracia inmanente ten máquinas de conversión da transcendencia en inmanencia. Gil analiza dúas: xustiza e eloxio. Por exemplo, no fascismo o eloxio recorda os mortos para soltalos e encarnalos en homes-espectros ao servizo do líder. Nas democracias conservadoras elóxianse os mortos homenaxeándoos para tirar deles enerxía que falta. Na democracia inmanente o eloxio dos mortos reforza a espectralidade e igualdade dos vivos, o plano que vincula sociedade e poder político e no que, con liberdade de creación, circulan as forzas.

O capítulo VI “Espectralidade e imanência” (pp. 201-232) resalta a importancia da enerxía espectral que serve para mellorar a saúde da vida social e individual. Os mortos forman parte inequívoca, ineludible e inexorable da comunidade dos vivos. Os mortos e os corpos dos vivos constrúen o plano de inmanencia da democracia. Destruír o pasado, forma inequívoca de fascismo, o único que achega é o retorno reactivo e mórbido das transcendencias. Porén, un pasado no que a espectralidade dos mortos favorece a creación do presente e futuro xustos, é tarefa por facer, por construír. O corpo vivo transforma a intensidade espectral en enerxía vital creadora de tipo saudable. O corpo vivo, como disxunción asimétrica, ten a potencia de dislocar códigos e recodificar signos, incluída a Terra como feixe de forzas que atravesa os humanos e os fai vivir (nos varios sentidos edificantes que pode cobrar este “vivir”). O anexo “Sobre os velhos e a velhice” (pp. 233-245) é un exemplo de como transformar a sociedade para que a pura existencia (entendida como creación vitalista, non como produción de nada) poida lograr o mesmo valor en todas as persoas, sexa cal for a súa idade biolóxica.

En suma, este suxestivo e documentado ensaio de Gil é unha achega filosófica conceptual, razoada e fundamentada, que serve para deitar unha potente luz na relación, sempre problemática, en continuo desprazamento, entre o político e o espectral, a dimensión dos mortos e a terra dos vivos, de tal xeito que, baixo esa luz, autoritarismos, fascismos e teocracias revelan o seu funcionamento como aparellos de captura que codifican e recodifican, borran e inscriben, cortan fluxos e insiren fluxos, expulsan e imantan, esas forzas que no plano intermediario (entre vida e morte, experiencia e sentido, silencio e palabra) son xénese (estática e dinámica) de calquera ontoloxía e política. Gil mostra con agudeza e pericia filosófica como o estudo desta dimensión espectral é fundamental para a filosofía actual na medida en que esta se concibe a si mesma a partir de dúas tarefas: despexar a xénese do ser actual e, con isto, liberar as forzas dunha pluralidade virtual sempre en transo de actualizarse. Por outras palabras, a filosofía entendida como creación, crítica e emancipación. Sen máis, e sobre todo.